

## **CONTEXTUALIZACIÓN**

O C.R.A. Raíña Aragonta do concello de Salceda de Caselas, está composto por 15 aulas de Educación Infantil, das cales 8 aulas están na sede do CRA, no centro urbano do concello, e as outras 7 están distribuídas nas parroquias. A programación que a continuación se desenvolve levarase a cabo na aula dunha desas parroquias, Entenza.

No presente curso escolar, a aula estará composta por un grupo mixto de 11 alumnos/as, con idades comprendidas entre os 3- 6 anos de idade, e distribuídos do seguinte xeito:

- Catro son de 4º de educación infantil.
- Seis son de 5º de educación infantil, sendo un deles un NEAE.
- Un é de 6º de educación infantil.

Para o desenvolvemento desta programación baseámonos xa lexislación vixente, como son o Decreto 330/2009 do 4 de xuño, *polo que se establece o currículo de Educación Infantil en Galicia*, a Orde do 25 de xuño de 2009 *polo que se regula a implantación, desenvolvemento e avaliación do segundo ciclo de Educación Infantil en Galicia* e a Orde do 19 de maio de 2021 *polo que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/ 2022*. Segundo a orde de calendario escolar o período de adaptación para o alumnado de nova incorporación, este abranguerá do 9-21 de setembro, ambos inclusive. O período de adaptación cobra especial importancia posto que representa a transición do ámbito familiar ao escolar, polo que a entrada e a adaptación ao novo espacio farase de xeito gradual e escalonada.

Por suposto esta programación pretende acadar á finalidade do noso currículo, que é a de contribuír ó desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual do alumnado, en estreita cooperación coa familia; tendo sempre presente a situación social actual, e levando a cabo as recomendacións aportadas polo “Protocolo de adaptación ó contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia” (última versión 6-07-2021).

## **OBXECTIVOS**

Para a elaboración da programación de aula partirei do establecido na normativa vixente, anteriormente citada, e nos obxectivos xerais establecidos no Decreto como son:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar a seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.

- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico- matemáticas e achegarse á lectura e a escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo coma recursos para a expresión e a comunicación.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

## **CONTIDOS**

Os contidos serán traballados dende un enfoque globalizador atendendo ás tres áreas curriculares así coma aos bloques de contido correspondentes:

\*Área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal (o corpo e a propia imaxe; xogo e movemento; a actividade cotiá; o coidado persoal e a saúde).

\*Área de coñecemento do contorno (medio físico: elementos, relacións e medidas; achegamento á natureza; cultura e vida en sociedade).

\*Linguaxes: comunicación e representación (linguaxe verbal; linguaxes artísticos: plástico, musical e corporal; linguaxe audiovisual).

No presente curso escolar traballaremos o proxecto “A volta ao mundo” que parte da biblioteca do centro por ser un centro PLAMBE, e traballarase de xeito globalizado a través de todas as áreas do currículo.

## **COMPETENCIAS**

Se ben a definición de currículo do Decreto 330/2009 non inclúe o termo de Competencia, no seu Anexo II contempla as Competencias Básicas que o alumando debe desenvolver e acadar ó longo da ensinanza. Aínda que estas veñen indicadas para a ensinanza obrigatoria, é preciso que o seu desenvolvemento se inicie dende o inicio da escolarización, de forma que a súa adquisición se realice de forma progresiva e coherente. Estas competencias, polo tanto, orientarán e impregnarán o currículo de educación infantil, téndose como referentes que guían a práctica educativa e o condicionamento e o tratamento das áreas, traballándoas todas de xeito globalizado. As competencias básicas son as seguintes: competencia en comunicación lingüística; competencia matemática; competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico; tratamento da información e competencia dixital; competencia social e cidadá; competencia cultural e artística; competencia para prender a aprender; e autonomía e iniciativa persoal.

## METODOLOXÍA

Seguindo a lexislación vixente, para contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos distintos planos: físico, motórico, emocional, afectivo, social e cognitivo e, a procura das aprendizaxes que contribúan e fagan posible dito desenvolvemento no alumnado desta etapa, a nosa programación basearase nos seguintes principios xerais:

<b>PRINCIPIO</b>	<b>DEFENDIDO POR</b>	<b>APLICACIÓN</b>
<b>Constructivista e activo</b>	Piaget e Dewey	O discente debe ser o autor da súa propia aprendizaxe.
<b>Aprendizaxe significativo</b>	Ausubel	Partir do nivel de coñecemento do alumnado para construír novas aprendizaxes.
<b>Ambiente estimulante rico, acolledor e seguro</b>	María Montessori	Para espertar o interese por aprender.
<b>Motivación</b>	César Bona	Promove unha actitude favorable ante o traballo.
<b>Potenciación das súas potencialidades e capacidades</b>	Gardner	Favorece o impulso e tratamento das competencias.
<b>Globalización</b>	Decroly	Promove o desenvolvemento integral en tódolos seus aspectos.
<b>Aprender a aprender</b>	Vigotsky	Fai referencia a aplicación práctica dos coñecemento interiorizados.
<b>Apertura ao contorno</b>	Brofembrenner	Favorece o contacto do alumnado co contorno.
<b>Xogo</b>	Froëbel	Convertendo toda actividade nalgo lúdico.
<b>Individualización</b>	Escola Nova	Atendendo as características particulares de cada neno/a e ao seu ritmo de aprendizaxe.
<b>Socialización entre iguais</b>	Freinet	Promove o xogo en grupo como forma de interacción co seu grupo de iguais, sempre atendendo as particularidades sinaladas no Protocolo Covid.
<b>Investigación</b>	Kilpatrick, Dewey e D 330/2009	Baséanse na autonomía do neno/a para aprender, a través da asimilación de estratexias e técnicas que lle axuden a interpretar, transformar, contrastar e reconstruír criticamente a información recibida.

## - ESPAZOS

A aula de Entenza conta coa aula en si, un aseo, o patio exterior e un despacho no segundo andar do edificio onde se imparte a alternativa a relixión, e onde tamén traballa a especialista de Audición e Linguaxe. A aula organizarase en zonas de traballo e de xogo, mantendo sempre as instrucións do protocolo Covid, de manter dentro da aula grupos estables de convivencia, grupos colaborativos de máximo 5 nenos/as que poidan traballar e xogar xuntos, extremala limpeza e as medidas de prevención.

A zona de traballo está distribuída en 3 mesas (2 de 4 alumn@s e 1 de 3 alumn@s) nas que se traballará tanto individualmente coma en pequeno grupo, para realizalas distintas actividades propostas; en momentos puntuais tamén traballaremos en gran grupo, coma no momentos da asemblea, por exemplo, respectando en todo momento as distancias e medidas de seguridade.

## - RECURSOS

Os recursos representan medios, que axudan a acadar os obxectivos propostos no proceso de ensino- aprendizaxe.

Os recursos humanos engloban o alumnado, o persoal docente e non docente, as familias.

Este grupo- clase ademais de contar coa titora da aula, recibe as visitas dos especialistas de Educación Física, Educación Musical, Lingua Estranxeira: Inglés, e Relixión Católica, durante unha hora semanal e da mestra de apoio durante sete horas semanais. Asimesmo, a media mañá asisten as limpadoras do concello para hixienizar as zonas comúns da aula, seguindo coas medidas recollidas no Protocolo Covid da Xunta da Galicia.

Coma docentes non só debemos coordinarnos co equipo docente de EI, senón tamén coas familias do noso alumnado, xa que ambas institucións (casa e escola) comparten a responsabilidade de educar ao alumnado. Polo tanto, familia e titora deben chegar a un consenso en canto os criterios educativos, valores prioritarios e actuacións comúns, que se establecerán grazas ao intercambio fluído e continuo de información sobre cada discente a través de entrevistas, cuestionarios ou dos boletíns informativos trimestrais. As reunións coas familias, salvo os contactos informais diarios, desenvolveranse os martes pola tarde no tempo asignado ás titorías. Ademais, ao inicio do curso escolar desenvolverase unha reunión a nivel de grupo- clase, onde se explique as familias as principais liñas de actuación para o presente curso escolar e o calendario de merendas para cada día da semana.

Por outra banda, ao longo do curso tamén se solicitará a participación da familia para a

realización de diferentes tarefas e actividades, de xeito que eles tamén poidan participar activamente na vida da escola e nas aprendizaxes dos seus fillos/as.

Os recursos materiais divídense en curriculares e didácticos. Os primeiros fan referencia ó material que nos serve aos docentes como guía no proceso de planificación educativa e, o material didáctico engloba os obxectos cos que conta o alumnado para poder relacionarse co seu contorno, os cales deberán ser variados e polivalentes, de xeito que se adapten as súas características psicoevolutivas, así coma as súas necesidades e intereses, e dividirémolos en: funxibles (ceras, lapis...) e non funxibles (punzóns, pinceis...); á vez que teremos en conta as TIC e as TAC (tecnoloxías de aprendizaxe e coñecemento) na aula, que nos servirán para achegar a realidade á aula e interactuar con ela.

### - TEMPOS

A organización temporal será flexible para atender os períodos de descanso (entre tarefa e tarefa), o tempo de recreo (xogo libre), ás curvas de fatiga de Kraepelin (no desenvolvemento de actividades), os ritmos de aprendizaxe e as necesidades do alumnado. As actividades organizaranse en base a un horario flexible, tal e como se reflexa na lexislación. Ademais, para fomentar os bos hábitos alimenticios, o centro conta cunha táboa semanal de merendas saudables e variadas.

### - ACTIVIDADES

Esta organización caracterízase pola aplicación de dous modos de traballo (rutinas e actividades), que favorecerán a interiorización de hábitos de autonomía persoal, socialización e traballo e, estarán estruturados en distintos momentos, posto que “ofrecen un marco de referencia para os aprendizaxes, proporcionando seguridade ao dominar a actividade e actuando como indicador temporal ao aportar unha percepción sensorial dos momentos nos que debe efectuarse a actividade, potenciando os procesos de captación cognitiva referida ás estruturas que presentan as diferentes actividades e, desenvolvendo virtualidades cognitivas e afectivas a nivel metodolóxico para os aprendizaxes posteriores” (Zabalza, 2010).

As actividades organizaranse en distintos **momentos** a través dunhas rutinas como:

RUTINA	FORMA DE TRABAJO
<b>Entrada</b>	os nenos/as sacan as cazadoras e cólganas no colgadoiro, xunto coa súa mochila. Despois, baixan a cadeira e séntanse nela.
<b>Asemblea</b>	os discentes expresan sentimentos, vivencias... e dámonos a benvinda coa cantiga dos “Bos días”, logo o encargado/a do día (que será por orde alfabética) poñerá a data, fará o control de asistencia e meteorolóxico. Asimesmo, a mestra explicará as actividades que se desenvolverán o longo da xornada.
<b>Proxecto</b>	desenvolvemos a fase do proxecto no que nos atopemos.

<b>Traballo grupal</b>	levaranse a cabo actividades grupais de expresión plástica, sempre respectando as medidas covid.
<b>Exposición plástica</b>	o alumnado familiarizarase con materiais e técnicas plásticas.
<b>Merenda</b>	o alumnado toma a merenda, seguindo o calendario das merendas.
<b>Recreo</b>	os nenos/as desenvolven os seus xogos de forma libre.
<b>Actividades individuais (lógico-matemática e lectoescritura)</b>	a lectoescritura traballará a través do método ecléctico (combina o analítico e o sintético), por exemplo na escritura do seu nome; en canto as actividades de expresión lógico-matemática farémolo por exemplo escribindo a data.
<b>Exposición oral</b>	realizaremos praxias e diferentes actividades articulatorias.
<b>Despedida</b>	lembramos as actividades realizadas e despedímonos “ata mañá”.

Por outra banda, están as **actividades**, que son o xeito práctico en como se acadan os obxectivos e contidos da nosa programación, sendo do seguinte tipo:

<b>TIPO DE ACTIVIDADES</b>	<b>FINALIDADE E EXEMPLOS</b>
<b>De introdución</b>	serven para achegar ao alumnado os contidos a traballar, á vez que indagamos sobre os coñecementos previos que teñen en relación á mesma, por exemplo a través do diálogo, a chuvia de ideas ou os debates na asemblea.
<b>De motivación</b>	espertan o interese nos discentes sobre os contidos a traballar, para iso apoiámonos en contos, vídeos, fotografía, cantigas...
<b>De desenvolvemento</b>	permítenos traballar conceptos, procedementos e actitudes a través da observación, manipulación ou investigación. Por exemplo, mediante investigacións na internet, dramatizacións... Deben garantir a adquisición dos obxectivos propostos na programación e para iso incluírán actividades de lógico-matemática, de lectoescritura, de expresión gráfica, motriz e artística ou a verbalización de conceptos, entre outros aspectos.
<b>De reforzo e ampliación</b>	dan resposta á individualidade do alumnado, e os diferentes ritmos e niveis de aprendizaxe, axudándolle por un lado a comprender os contidos que carrexan certa dificultade e, por outro, aumentando os seus coñecementos respecto aos contidos programados.
<b>De avaliación</b>	úsanse para valorar o grao de consecución dos obxectivos plantexados e a interiorización por parte do alumnado, por exemplo na elaboración dos murais, libros, trípticos...
<b>Complementarias</b>	son actividades que se realizan en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento,

	espazo ou recursos que utilizan, por exemplo celebrando as conmemoracións recollidas na Orde do 19/ 5/ 2021 e, traballaranse de xeito transversal ao resto dos contidos.
--	--

Ademais, traballaremos o **proxecto de traballo** “A volta ao mundo”, promovido dende a biblioteca de centro, o que nos permitirá aproximarnos e familiarizarnos coas tradicións, costumes, etc de diferentes países.

Respecto das actividades propostas para a **Alternativa á Relixión**, a cal ten unha duración dunha hora semanal, e á cal asisten 2 alumn@s de distintas idades, hai que salientar que o longo do presente curso escolar traballaremos en torno á educación en valores que favorezan a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a prevención de conflitos... E para conseguilo apoiarémonos na literatura infantil, na visualización de curtas, nas conversas e reflexións cos propios nenos/as, así como na realización de pequenas representacións ou aplicacións de técnicas de mindfulness ou relaxación.

#### - **AGRUPAMENTOS**

Para poder atender á diversidade do alumnado e a aprendizaxe de contidos de distinta natureza, o alumnado organizarase en distintas formas de agrupamentos: gran grupo, pequeno grupo (grupos colaborativos dun máximo de 5 nenos/as) e actividades individuais.

#### **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A atención á diversidade pode considerarse coma o conxunto de medidas e accións que teñen coma fin axeitar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Así pois, o obxectivo educativo na atención á diversidade do alumnado é que consigan o máximo desenvolvemento persoal e social posible, o que require dunha adaptación da educación a súas singularidades que lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades ofrecéndolle os recursos precisos para acadalo. Isto, fai supoñer que o noso grupo- clase non é homoxéneo, é dicir, existen diversos ritmos e niveis de aprendizaxe. Por este motivo, desenvolveranse actividades de reforzo e ampliación, que reforcen as aprendizaxes duns e amplíen as de outros.

Por outra banda, tal e como establece o Decreto 229/ 2011, do 7 de decembro, *polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia no que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE*, debemos ter en conta as medidas de atención á diversidade, destinadas a proporcionar unha resposta axustada ao ANEAE da nosa aula.

## ➤ Alumno TEA

Neste momento, na aula de Entenza atopámonos cun alumno TEA, que recibirá asistencia tanto da AL coma da mestra de PT.

A nivel de titoría basearémonos nas orientacións metodolóxicas recollidas no *Protocolo de tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA)* editado pola Xunta de Galicia, ademais de contar coa colaboración da PT, AL e o DO do centro.

## AVALIACIÓN

A avaliación constitúe un proceso continuo que permite a recollida de información ó tempo que nos permite valorar e orientar a toma de decisións para o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Para levala a cabo ademais de apoiarnos no Decreto 330/ 2009, debemos ter en conta tamén o principal referente neste eido, que é a Orde do 25 de xuño de 2009 *pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo de Infantil en Galicia*.

Tendo en conta isto, a avaliación será **global**, xa que non só se avaliará o alumnado, senón todos os aspectos que inflúen no proceso de ensino- aprendizaxe; **continua**, pois considérase un elemento inseparable do proceso educativo, mediante o cal os profesionais que atenden os discentes recollen de forma continua información sobre o proceso de ensinanza e aprendizaxe; e **formativa**, xa que terá un carácter regulador e orientador do proceso educativo, ó proporcionar unha información constante que permitirá mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa, sen esquecermos que a avaliación é un instrumento prioritario para detectar posibles dificultades e reconducir a práctica educativa.

Existen tres momentos esenciais na avaliación dun proceso: avaliación inicial, avaliación continua e avaliación final. A avaliación inicial desenvólvese ao principio do curso escolar ou ao inicio de cada novo contido de aprendizaxe, para coñecer qué saben os/as nenos/as e así poder adapta-la programación prevista. Polo tanto, o que se fai é avalia-los seus coñecementos previos. Para a realización deste primeiro momento, faremos uso das entrevistas iniciais do/a alumno/a que contén datos básicos sobre o seu desenvolvemento.

O segundo momento, refírese á avaliación continua. Esta realizase ao longo do curso escolar, e permite aprecia-los cambios que se producen no alumnado coa adquisición de novos conceptos. A principal técnica será a observación directa, indirecta e sistemática, ademais de contar co intercambio fluído e continuo de información familia- escola e co resto dos docentes que asisten á aula, así coma da análise das producións do noso alumnado. Asimesmo, ao final de cada trimestre, enviaráselles ás familias os boletíns informativos dos seus fillos/as a través da aplicación abalar móbil, onde se recollen as adquisicións, logros, progresos e/ou retrocesos, segundo a avaliación dos ítems recollidos no XADE.



Por último cabe mencionar a avaliación final, que se desenvolverá ao final dun proceso de ensinanza-aprendizaxe, e serve para coñecer o que os/as nenos/as interiorizaron e o grao de consecución dos obxectivos plantexados, e que se realizará cos datos obtidos referentes o progreso de cada alumno/a.

### **PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA EN ESCENARIOS DIFERENTES AO PRESENCIAL**

No referido á atención educativa do alumnado da aula de Entenza nos escenarios que impliquen unha atención diferente da establecida con carácter xeral para o ensino presencial, seguirase o establecido no apartado correspondente da PXA: PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA NOS DIFERENTES ESCENARIOS.